



**SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO
AMBIENTE, S.A.**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2026 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

Sogama é unha empresa pública autonómica, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Naturgy Renovables, S.L.U, que se crea no ano 1992 co obxecto de xestionar os residuos urbanos, incluíndo a loxística e tratamento dos mesmos, producidos polos concellos galegos que, voluntariamente, se adscriban ao seu sistema.

A día de hoxe, a Sociedade dá servizo a un total de 295 municipios, cunha poboación incorporada de máis de 2,2 millóns de habitantes.

Para levar a cabo a súa actividade industrial, a entidade conta cunha infraestrutura conformada por unha rede de 37 plantas de transferencia distribuídas polo conxunto do territorio galego, das cales 20 están baixo a súa titularidade, e cuxa función é transvasar os residuos procedentes da recollida municipal a contedores de maior capacidade, aptos para ser transportados, por tren ou estrada, ata o Complexo Medioambiental de Cerceda. Aquí os refugalloos son tratados mediante un proceso orientado a seleccionar a parte susceptible de ser reciclada, que se remite á industria transformadora, e a recuperar enerxeticamente o resto, poñendo en valor aqueles residuos que, doutro xeito, acabarían depositados en vertedoiro, a opción máis contaminante e nociva para o medio ambiente e a saúde pública.

Adicionalmente, a compañía dispón de 4 plantas de compostaxe industrial, unha por provincia .

O orzamento do ano 2026 elaborouse tendo en conta as premisas e condicionantes principais contemplados na revisión do Plan de Viabilidade da Sociedade para o período 2015-2025.

De cara ao exercicio 2026, os esforzos da Sociedade dirixíranse a optimizar o servizo público que presta á meirande parte dos Concellos de Galicia, e farao mediante unha serie de melloras e proxectos recollidos no seu plan estratéxico 2025-2030, que pivota sobre a transformación dixital, a descarbonización dos procesos e a xestión de novas fraccións de residuos.

Respecto da transformación dixital, a súa implantación estase a facer tanto a nivel industrial -apostando pola intelixencia artificial a robotización e a rastrexabilidade do residuo, desde que entra nas instalacións de Sogama ata que sae das mesmas convertido en recurso-, e administrativo, contemplando a posta en marcha do denominado "Portal do Cliente", unha ferramenta que permitirá un diálogo máis fluído cos 295 concellos aos que da servizo, e a través do cal se porá a disposición de todos eles os datos que lles poidan resultar de interese e axuda para adoptar decisións máis atinadas e acordes coa realidade.

Para a descarbonización dos procesos industriais, priorizarase a redución do uso de combustibles fósiles, substituíndo o gas natural por un renovable (biosecado).

Na recuperación de novas fraccións de residuos cobrará especial protagonismo o téxtil, tendo iniciado xa o movemento de terras no lugar, dentro do Complexo Medioambiental de Cerceda, onde se levantará a que será a primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles en España. Con esta instalación, contribuirase a poñer en valor, conforme á lexislación vixente, un refugallo que crece exponencialmente por mor da moda rápida de usar e tirar, ao tempo que se lle dará unha dimensión claramente social ao erixirse a planta en fonte de emprego para persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

En definitiva, a pretensión última do plan estratéxico é que Sogama evolucione desde unha empresa de tratamento de residuos a unha empresa xeradora de recursos.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E2	GALICIA VERDE E SOSTIBLE

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E2	PA 2.4	Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural

1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2026	2027	2028
02.04.04	Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados	148.608.773	165.687.592	149.551.744
TOTAL		148.608.773	165.687.592	149.551.744

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2026	2027	2028
0001	Aumentar a capacidade e a eficiencia	16.962.714	30.806.050	12.000.000
0004	Reciclado e tratamento de residuos	130.601.059	133.836.542	136.506.744
0006	Control do cumprimento das condicións ambientais	195.000	195.000	195.000
0007	Actuacións en educación ambiental	850.000	850.000	850.000
TOTAL		148.608.773	165.687.592	149.551.744

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2026	2027	2028	UNIDADES
	Tm entrada planta compostaxe	5.900	8.730	12.900	t
	Incrementar % material entregado	0	0	0	%
	Novos compostadores	3.000	3.000	3.000	Numero

Igualmente, a empresa seguirá potenciando a recuperación de materiais valorizables presentes na fracción resto a través da incorporación das últimas tecnoloxías dispoñibles, tamén os procedentes da recollida diferenciada (contedor amarelo -envases de plástico, latas e briks- e contedor marrón -materia orgánica-), e continuará expandindo o seu programa de compostaxe doméstica, con grandes beneficios ambientais e económicos a nivel municipal, e ao que actualmente están adscritas 484 entidades (233 concellos, 220 centros educativos e 33 colectivos sociais), tendo repartido entre as mesmas, e de xeito gratuíto, preto de 23.700 composteiros.

Sogama avanzará na plena incorporación da economía circular ao seu modelo de xestión e proseguirá, desde a máxima transparencia, co seu programa de educación, formación e concienciación ambiental dirixido aos distintos sectores sociais.

Tamén continuará participando en proxectos de I+D+i ambientais, ademais de colaborar con diversas institucións en todo o que teña que ver coa protección ambiental a través da xestión sostible dos residuos.

O investimento da compañía para os próximos 2 anos ascende a uns 47,77 millóns de euros (16,96 millóns en 2026 e 30,81 millóns en 2027), e está destinado, fundamentalmente, á construción e posterior xestión dunha planta de clasificación de residuos téxtiles e unha planta de biosecado, á dixitalización dos procesos, así como á substitución de equipamentos obsoletos.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2026	CONCELLO
Actuacións obsolescencia equipos	2.024	2.024	1.094.800		1529024
Adaptación planta de compostaxe de Areosa a Sandach	2.025	2.025	99.549		1529024
Alumbrado en PTs (A Coruña, Lugo e Ourense)	2.027	2.027	120.000		900
Ampliación instalacións	2.027	2.027	2.500.000		1529024
Asfaltado do CMC	2.027	2.027	980.000		1529024
Aspiración de polvo en Vigo	2.026	2.026	301.796	301.796	3652057
Construcción do vaso 6 vertedoiro de Areosa	2.025	2.027	2.899.603	1.174.702	1529024
Desenrolo dunha plataforma escalable modular para a trazabilidade dos residuos	2.024	2.025	1.802.448		1529024
Economizador caldeiras PTE (2020G-DTE-0109)	2.025	2.027	997.400		1529024

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2026	CONCELLO
Execución obra proxecto Traza	2.025	2.025	958.605		1529024
Implantación LSMT, Centro de seccionamento e de distribución Vertedoiro de Areosa	2.026	2.026	225.099	225.099	1529024
Instalación fotovoltaica	2.024	2.025	2.062.900		1529024
Inversións nas plantas de biorresiduos	2.024	2.024	1.102.553		900
Inversións nas plantas de transferencia	2.024	2.025	1.093.649		900
Mellora en descarga de contenedores. Subministro de contenedores de apertura vertical	2.026	2.027	558.000	100.000	1529024
Melloras PCI PCLAS	2.025	2.025	977.726		1529024
Melloras PCI PRTE-PCM	2.025	2.026	1.201.682	1.163.351	1529024
Melloras depuración no vertedoiro de Areosa	2.026	2.027	5.300.000	300.000	1529024
Melloras en VA	2.024	2.024	1.298.956		1529024
Melloras na depuración CMC (biolóxica + FQ)	2.026	2.027	1.500.000	500.000	1529024
Melloras nas plantas de transferencia (2023G-0004)	2.025	2.026	2.221.252	255.000	900
Nova instalación BT e iluminación	2.026	2.026	297.500	297.500	1529024
Obra de construción dun novo vertedoiro de escouras no CMC	2.023	2.024	2.225.378		1529024
Obras de mellora na Planta de clasificación de envases (PCLAS)	2.024	2.024	1.695.980		1529024
Oficinas e Vestuario PT Porriño	2.026	2.026	95.311	95.311	3652039
Outras inversións	2.024	2.024	457.677		900
Parquing PTE e Cargadores	2.024	2.025	385.955		1529024
Parquing contenedores CMC	2.027	2.027	500.000		1529024
Parquing contenedores Porriño	2.026	2.026	350.000	350.000	3652039
Planta de biosecado	2.026	2.028	30.000.000	1.000.000	1529024
Planta de selección textil	2.025	2.026	16.348.424	10.317.330	1529024
Proxectos e estudos do novo vertedoiro Areosa	2.026	2.027	500.000	100.000	1529024
Selado definitivo fase 1.2 vertedoiro de Areosa	2.025	2.025	978.939		1529024
Soleira para depósito de chatatarra	2.027	2.027	100.000		1529024
Soterramento linea eléctrica	2.025	2.025	241.182		1529024
Suministro de contenedores de reforzo	2.026	2.027	1.500.000	500.000	1529024
Sustitución envolvente planta de Vigo e tolva Forsu	2.024	2.025	1.111.366		3652057
Trazado linea de MT e CT depuración e balsas Vertedoiro de Areosa	2.026	2.026	282.625	282.625	1529024
		TOTAL	86.366.355	16.962.714	

O orzamento de investimentos para o ano 2026 elaborouse co fin de acometer os máis importantes para cubrir as necesidades das instalacións. O importe previsto ascende a 16.962.714 euros.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Cerceda	1.681.269	129.964.820	15.960.608
O Porriño			445.310
Vigo			556.796
TOTAL	1.681.269	129.964.820	16.962.714

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2026	2027	2028
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	958.100	958.100	958.100
Ingresos financeiros	0	0	0
Prestación de servizos	88.196.497	100.664.087	104.650.540
Vendas	43.575.040	33.353.413	34.167.007
TOTAL	132.729.637	134.975.600	139.775.647

Ingresos por vendas netas.

Ingresos por venda de enerxía eléctrica.

Realizouse unha estimación dos prezos de venda de enerxía eléctrica para cada unha das instalacións de produción a partir da situación actual do mercado eléctrico e as previsións existentes para 2026.

A continuación preséntase un desgrego por instalación produtiva e cunha porcentaxe de diferenza respecto do orzamento do ano 2025: vendas da enerxía da Planta Termoeléctrica, por importe de 20.957.555€; vendas da enerxía da Planta de Coxeración, por importe de 21.969.268€; e vendas da enerxía da Planta de Biogás, por importe de 648.217€.

O total do orzamento por vendas de enerxía no ano 2026 ascende a un importe de 43.575.040€, prevendo unha diminución dos ingresos do 4,87% respecto do importe orzamentado no exercicio 2025. A principal diferenza reside na Planta Termoeléctrica, que

diminúe un 18,58% mentres que os ingresos da venda da enerxía da Planta de Coxeración aumentan un 13,73%.

Os ingresos da venda da enerxía eléctrica durante o ano 2026 baséanse, por unha banda, na vixente Orde IET/1045/2014, de 16 de xuño, pola que se aproban os parámetros retributivos aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

Pola súa banda, os ingresos por retribución do mercado eléctrico, que se van rexistrar neste exercicio 2026 e que continúan con gran volatilidade, estimáronse nun prezo medio anual de 82,25 EURO/MWh.

Os desvíos entre a enerxía programada e a realmente vendida, estimáronse en base á experiencia de Sogama en anos anteriores, realizando igualmente unha estimación dos parámetros principais de dispoñibilidade, produción bruta e produción neta.

Orzamentouse o funcionamento de 5 dos 6 motores da PCOG en aras de cumprir e mellorar o Rendemento Eléctrico Equivalente desta instalación.

Coas devanditas hipóteses, a enerxía neta total producida no exercicio estímase en 138.976 MWh na PCOG e 276.924 MWh na PTE.

Para a planta de aproveitamento do biogás no vertedoiro de Areosa, orzamentouse 8.146 MWh, valor estimado conforme á previsión de descenso na captación de gas nos vasos selados.

O ingreso total por venda de enerxía ascende a 45.575.040 euros no ano 2026.

Ingresos por prestación de Servizos.

Ingresos por Canon de tratamento de Residuos Urbanos e biorresiduos

O obxectivo desta entidade pública é, e será, prestar o mellor servizo público co menor gasto, tamén para as arcas locais, e, polo tanto, para a poboación galega, á que non quere prexudicar, senón protexer na medida en que o permita a mellor xestión posible de factores externos sobre os que, lamentablemente, non ten capacidade de influencia directa.

Tendo en conta as distintas posibilidades de incremento dos ingresos por circunstancias tales como a posible adhesión de novos concellos e/ou as melloras tecnolóxicas incorporadas ás instalacións, e que determinarán a súa maior rendibilidade, estímanse uns ingresos superiores aos do exercicio precedente. Así, o orzamento de ingresos estimado por canon de tratamento de residuos para 2026 cun incremento unicamente do IPC estimado, establecendo o canon para 2026 de 109,84€/tonelada, fíxandose un canon

reducido tamén unicamente cun incremento do IPC estimado de 96,62€ tonelada para os Concellos que cumpran cuns determinados requisitos. Os ingresos procedentes do canon por tratamento de RU ascenden a 75.695.066 euros

Igualmente, orzamentouse un canon de tratamento para os biorresiduos, representando este, uns ingresos de 308.416€ para 2026 establecendo un canon para a fracción orgánica dos residuos urbanos de 52,27€/tonelada.

Ingresos por recollida e clasificación de envases lixeiros.

No relativo ás hipóteses utilizadas, supúxose que SOGAMA recibirá no ano 2026 unhas 33.600 t de residuos de envases, cun incremento do 2,43% respecto do ano 2025.

O orzamento de ingresos totais por estes conceptos, conforme ás estimacións do novo convenio proposto por Ecoembes, ascenden a 7.278.256 euros en 2026, o que supón un descenso do 2,66% en relación ao ano 2025.

Ingresos por envases recuperados dos RU

O ingreso estimado pola venda de todos os materiais recuperados, orzamentados de acordo coas estimacións do novo convenio proposto por Ecoembes, supón un importe de 4.882.838 euros en 2026, o que representa un aumento do 12,81% respecto do ano 2025. Isto é debido fundamentalmente, ao aumento nas toneladas recuperadas na planta nun 16,54% debido a unha mellora nos rendementos e efectividades de recuperación da mesma.

Outros ingresos de explotación

Repercusión de gastos a provedores.

Este capítulo recolle os gastos realizados por Sogama que se repercuten a distintos provedores, segundo os contratos en vigor, como son o consumo de enerxía e teléfonos, así coma outros ingresos.

Todos estes conceptos estímanse nun importe de 958.000 euros.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Nº Empleados	23	22,5	22
Custo Total	1.525.666	1.607.778	1.681.269
Custo Medio	66.333,3	71.456,8	76.421,32

O orzamento de gastos de persoal de Sogama para o ano 2026 desenvolveuse en bases aos custos de equipo que xorden do actual cadro de persoal e a remuneración por antigüidade a quen lle corresponda segundo o Convenio Colectivo de aplicación.

Igualmente, como en anos anteriores, considéranse dúas partidas que resultan necesarias para dar cobertura a continxencias de horas extras e formación oficial regulada.

O orzamento de gastos de persoal para 2026 ascende a 1.681.269 €.

Outras remuneracións ao persoal

Dentro dos gastos da Sociedade, inclúense as dietas por asistencia ás sesións do Consello de Administración. Este gasto ten un orzamento de 28.050,00 euros e presenta o seguinte desgasto: nº de conselleiros, que ascenden a 11, dos cales 6 pertencen á Xunta de Galicia e 5 a Naturgy Renovables, S.L.U.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027	PREVISIÓN 2028
Combustibles	21.362.415	19.643.624	20.838.533	21.118.037	21.118.037
Enerxía SSAA	7.076.655	7.413.254	2.170.262	0	0
O&M Biogás	198.278	211.862	194.211	194.211	194.211
O&M PRTE	17.798.768	18.279.292	19.631.093	20.206.846	21.886.226
O&M Planta Termoeléctrica e Planta de Coxeración	18.761.775	16.941.718	18.667.847	18.667.847	18.667.846
O&M Vertedoiro Areosa	5.811.306	6.744.650	6.355.434	6.356.268	6.356.685
Resto de Servizos Exteriores	7.433.741	6.109.993	7.078.759	7.132.759	7.078.761
Servizos Exteriores Consumo de aditivos	1.234.828	1.183.373	1.383.750	1.383.750	1.383.750
Servizos Exteriores Depuración de augas	669.946	2.050.495	2.157.006	2.157.006	2.157.006
Servizos Exteriores Gerstión planta téxtil		0	361.886	1.524.688	1.814.752
Servizos Exteriores Secretaria Xeral	699.217	744.025	1.101.328	1.101.328	1.101.328
Servizos Exteriores Selección de envases lixeiros	3.898.045	5.432.401	4.537.582	4.537.582	4.537.582
Servizos Exteriores Transferencia de Residuos Urbáns	5.919.992	6.148.548	6.318.554	6.324.863	6.328.022
Transporte BN+BA+FORSU	19.526.646	20.178.156	21.743.889	25.191.462	25.334.082
Xestión da planta de compostaxe	298.626	1.053.064	1.061.097	1.106.123	1.315.999
TOTAL	110.690.238	112.134.455	113.601.231	117.002.770	119.274.287

O importe de servizos exteriores aumenta en 2.050.117 euros sobre o orzamentado no exercicio 2025. As partidas que maiores variacións sufriron con respecto ao orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

Orzamentouse un maior custe na subministración de gas natural, cun importe de 612.161 € mais que en 2025. Por outra banda, orzamentase un menor custe da subministración de enerxía dos Servizos Auxiliares (SSAA), cun importe de 1.590.556€ respecto do orzamento do pasado exercicio, debido á implantación gradual dunha política de autoconsumo da enerxía necesaria para as instalacións que conforman o Complexo Medioambiental de Cerceda, ademais de aplicar unha política de contención do gasto nos servizos e custos xerais da Sociedade.

Estímase que a explotación e mantemento das instalacións do vertedoiro de Areosa e as depuradoras supoñen un menor custo de 646.411€ respecto do orzamentado en 2025.

O custo da explotación da planta de recuperación de materias aumenta en 831.191€ debido a estimación do maior custo de explotación da instalación.

Estimase un maior custe do servizo de transporte de residuos por importe de 596.269€ debido o remate do contrato actualmente vixente e que a nova licitación contemplará un incremento do custe do servizo.

A partida de outros servizos exteriores aumenta en 1.486.398€ debido ao custe da nova instalación fotovoltaica, a instalación de detección de residuos radioactivos, aumento do custe do subministro eléctrico das novas instalacións de transferencia e biorresiduos, así como o custe do mantemento de Trazas e a transformación dixital.

Finalmente, levarase a cabo a posta en marcha da nova planta de recuperación de residuos téxtiles (PCRT) con un custe estimado de 361.886€.

APROVISIONAMENTOS

Neste apartado recóllense as compras de enerxía que teñen lugar con motivo da participación no mercado eléctrico (compras e desvíos).

No orzamento para o ano 2026, estes aprovisionamentos ascenden a 1.925.180 euros.

TRIBUTOS

Orzamentanse neste capítulo os tributos aos que debe facer fronte a Sociedade no normal exercicio da súa función, así coma o importe do imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos contemplado na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Esta

medida fiscal entrou en vigor con data 1 de xaneiro de 2023, cun importe de 9.095.870€ para o orzamento do ano 2026.

De acordo co publicado no Real Decreto-lei 8/2023, de 27 de decembro, vólvese a regular o tipo impositivo do imposto sobre a produción eléctrica, que representa un 7% do ingreso por venda de enerxía, supoñendo para 2026 un custo de 2.993.576€.

Ademais, recóllese para todas as instalacións, no ano 2026, o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), ou a financiación do bono social e outras Taxas.

O importe total deste epígrafe orzamentouse, para 2026, nun importe de 13.210.569 euros.

OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTE

Inclúise unha partida cun orzamento de 90.000€ para atender outros gastos de xestión.

GASTOS FINANCEIROS

Orzáméntase un importe de 1.137.810 euros para custos financeiros destinados a financiar as disposicións de fondos das pólizas de crédito necesarias para a financiación das obrigacións de pago da sociedade, así como os custos de avales medioambientais. Orzáméntase un custe medio do 2,85%.

O importe anual previsto para o ano 2026 ascende a 1.137.810 euros.

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Amortización Inmovilizado Inmaterial	32.622	38.760	67.053
Amortización Inmovilizado Material	13.519.884	14.930.943	15.334.442
TOTAL	13.552.506	14.969.703	15.401.495

Orzamentáronse 15.401.495 euros para o ano 2026, o que representa unha variación respecto do exercicio 2025 do 2,92% debido a entrada en operación comercial das novas instalacións.

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Subvencións concedidas pola entidade			
TOTAL	0	0	0

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓN DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Convenio implant. ferramentas Dixitalización			1.806.330
Convenio planta Téxtil			12.159.676
NEXT GENERATION EU Polas EE.PP-001-2023-RES	6.996	755.080	
TOTAL	6.996	755.080	13.966.006

	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Subvencións de Capital Recibidas do Estado	37.974	28.481	9.494
Subvencións de Capital Recibidas da UE	43.930	138.229	69.547
TOTAL	81.904	166.710	79.041

Orzamentáronse no ano 2026 as subvencións de capital recibidas da Comunidade Autónoma a través dos convenios para a planta de téxtil, por importe de 12.159.676€, e para a implantación da dixitalización, por importe de 1.806.330€.

Achegas patrimoniais

APORTACIÓN DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Xunta de Galicia		10.100.000	10.000.000
TOTAL	0	10.100.000	10.000.000

Orzamentase unha aportación da Xunta de Galicia por importe de 10.000.000 euros para compensar unha parte do déficit do orzamento de explotación deste exercicio económico, non estando comprometida a solvencia económica da sociedade.

Financiamento alleo a longo prazo

A Sociedade precisa financiación bancaria a longo prazo para financiar os novos investimentos cun importe estimado próximo os 30 millóns de euros.

Remanente de Tesorería

	2024	2025
1. Fondos líquidos	2.224.666	2.350.356
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	33.833.753	35.541.064
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	33.833.753	35.541.064
3. Obrigas pendentes de pago (-)	15.782.378	16.671.584
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	15.782.378	16.671.584
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0

	2024	2025
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	20.276.041	21.219.836
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	20.276.041	21.219.836

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Actualización dos equipos PCLAS	1.094.800		
Aparcamiento PTE e outras	16.811		
Cinta aceleradora	17.480		
Economizador caldeiras PTE	0	249.350	
Equipos proceso de información e transformación dixital	73.306		
Instalación fotovoltaica	2.002.548	60.352	
Inversións PCLAS melloras PCI		977.726	
Inversións PRTEM-PCM melloras PCI		38.331	1.163.351
Inversións de mellora da Pclas	1.678.500		
Melloras dixitalización (Traza)		397.895	
Melloras plantas de transferencia	938.162	4.341.614	1.002.105
Melloras plantas de transferencia (TRAZA)		958.605	
Novas plantas de transferencia	677.116		
Novos puntos Biorresiduos PT	51.694		
Obra depuradoras CMC			500.000
Parquing PTE cargadores		369.144	
Planta de Biosecado			1.000.000
Planta de Recuperación Residuos Textiles		6.272.276	10.317.330
Plantas de biorresiduos	463.501	99.549	
Plantas de biorresiduos	578.154		
Subministro de contenedores de transporte e melloras nas descargas			600.000
Terreos Plantas de biorresiduos	9.204		
Vertedoiro de Areosa	1.298.956	1.703.840	2.379.928
Vertedoiro de escouras	243.578		
TOTAL	9.143.810	15.468.682	16.962.714

TIPOLOXÍA E IMPORTE DOS INVESTIMENTOS.

O orzamento de investimentos para o ano 2026 elaborouse co fin de acometer os máis importantes para cubrir as necesidades das instalacións. O importe total previsto ascende a 16.962.714 euros.

En función destas necesidades, de distinta índole, resúmense a continuación as principais actuacións que se propón realizar.

Os investimentos para a ampliación supoñen un importe de 13.837.343 euros, dentro dos cales destaca a nova planta de clasificación de téxtiles, o selado definitivo da fase 1.2 do vertedoiro controlado de Areosa, o proxecto de dixitalización e os estudos técnicos e económicos da nova planta de biosecado.

Os investimentos de seguridade, renovación e substitución ascenden a 909.520€, e son fundamentalmente os seguintes: as melloras na descarga dos contedores, a renovación do trazado da liña de MT y CT nas instalacións de depuración e os traballos de aspiración do polvo na planta de transferencia de Vigo.

Os investimentos destinados a melloras das instalacións ascenden a 2.215.851€, contemplando a mellora dos sistemas de contra incendios na planta de clasificación de materiais, a adaptación dalgunhas plantas de transferencia, mellora do alumado, e as vinculadas coas depuradoras do Complexo Medioambiental de Cerceda.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A) ACTIVO NON CORRENTE	143.146	133.438	136.528
	I. Inmovilizado intanxible	196	725	1.413
	1. Desenvolvemento			
	2. Concesións	23	14	12
	3. Patentes, licencias, marcas e similares	1	1	1
	4. Fondo de comercio			
	5. Aplicacións informáticas	30	21	736
	6. Outro inmovilizado intanxible	142	690	664
	II. Inmovilizado material	129.871	126.970	128.422
	1. Terreos e construcións	15.378	15.305	15.195
	2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material	114.078	103.450	112.511
	3. Inmovilizado en curso e anticipos	415	8.216	715
	III. Investimentos inmobiliarios			
	1. Terreos			
	2. Construcións			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	500	500	500
	1. Instrumentos de patrimonio	500	500	500
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a longo prazo	6.571	136	136
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a terceiros	95	136	136
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros	6.476		
	VI. Activos por imposto diferido	6.008	5.107	6.057
	B) ACTIVO CORRENTE	36.565	38.338	47.527
	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias			
	1. Comerciais			
	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
	3. Productos en curso			
	4. Productos terminados			
	5. Subproductos, residuos e materias recuperados			
	6. Anticipos a provedores			
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	33.834	35.541	44.295
	1. Clientes por ventas e prestacións de servizos	27.330	29.653	33.809
	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	1	1	1
	3. Debedores varios	10	7	7
	4. Persoal			
	5. Activos por imposto corrente	86		
	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	6.407	5.880	10.478
	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Inverstimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	20	21	16
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros	20	21	16
	VI. Periodificacións a curto prazo	486	425	475

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026				
SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	2.225	2.350	2.742
	1. Tesourería	2.225	2.350	2.742
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	179.710	171.776	184.056

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A) PATRIMONIO NETO	120.296	117.210	119.650
	A.1) Fondos propios	91.839	91.839	91.837
	I. Capital	31.967	31.967	31.967
	1. Capital escriturado	31.967	31.967	31.967
	2. (Capital non esixido)			
	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	65.783	59.872	54.852
	1. Legal e estatutarias	6.393	6.393	6.393
	2. Outras reservas	59.390	53.479	48.459
	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores			
	1. Remanente			
	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			
	VI. Outras aportacións de socios			
	VII. Resultado do exercicio	-5.911	-5.020	-10.002
	VIII. (Dividendo a conta)			
	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto		5.020	15.020
	A.2) Axustes por cambios de valor			
	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
	II. Operacións de cobertura			
	III. Outros			
	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	28.457	25.371	27.813
	B) PASIVO NON CORRENTE	34.176	24.064	46.089
	I. Provisións a longo prazo	13.791	14.430	15.101
	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
	2. Actuacións medioambientais			
	3. Provisións por reestructuración			
	4. Outras provisiones	13.791	14.430	15.101
	II. Débedas a longo prazo	10.751		23.304
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			23.304
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros	10.751		
	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
	IV. Pasivos por imposto diferido	9.634	9.634	7.684
	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	25.238	30.502	18.317
	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Provisións a curto prazo	270	272	240
	III. Débedas a curto prazo	9.185	13.559	2.065
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito	9.066	13.500	2.000
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros	119	59	65
	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	15.782	16.672	16.013
	1. Proveedores			
	2. Proveedores, empresas do grupo e asociadas			
	3. Acredores varios	12.668	13.505	13.157
	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)	7		
	5. Pasivos por imposto corrente			
	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	3.107	3.167	2.856
	7. Anticipos clientes			
	VI. Periodificacións a curto prazo			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	179.710	171.776	184.056

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	132.199	135.703	131.772
	a) Ventas	57.663	47.688	43.575
	b) Prestacións de servizos	74.536	88.015	88.196
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aproximacións	-1.570	-1.812	-1.925
	Consumo de mercaderías	-1.570	-1.812	-1.925
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	Traballos realizados por outras empresas			
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aproximacións			
	5. Outros ingresos de explotación	877	877	958
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	795	877	958
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	82		
	6. Gastos de persoal	-1.526	-1.608	-1.681
	Soldos, salarios e asimilados	-1.195	-1.215	-1.268
	Cargas sociais	-330	-393	-414
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-122.623	-126.274	-126.902
	Servizos exteriores	-110.690	-112.134	-113.601
	Tributos	-11.933	-14.139	-13.211
	Perdas, deterioros e variacións de provisiones por operacións comerciais			
	Outros gastos de xestión corrente			-90
	8. Amortización do inmovilizado	-13.553	-14.970	-15.401
	Amortización do inmovilizado intanxible	-33	-39	-67
	Amortización do inmovilizado material	-13.520	-14.931	-15.334
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	3.343	4.089	4.044
	10. Excesos de provisiones			
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	748	280	272
	Gastos excepcionais			
	Ingresos excepcionais	748	280	272
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	-2.105	-3.715	-8.865
	14. Ingresos financeiros	496	38	
	a) De participación en instrumentos do patrimonio	285		
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	211	38	
	15. Gastos financeiros	-460	-441	-1.138
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.	-479	-441	-1.138
	c) Por actualización de provisiones	20		
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	37	-404	-1.138
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-2.069	-4.119	-10.002
	20. Imposto sobre beneficios	-3.842	-901	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	-5.911	-5.020	-10.002
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	-5.911	-5.020	-10.002

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

Formulario SPA.04

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-2.069	-4.119	-10.002
2. Axustes no resultado	-4.599	4.057	11.355
a. Amortización do inmovilizado (+)	13.553	14.970	15.401
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)	582	641	639
d. Imputación de subvencións (-)	-3.343	-4.089	-4.044
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-496	-38	
h. Gastos financeiros (+)	479	441	1.138
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	-15.374	-7.868	-1.780
3. Trocos no capital corrente	-11.092	789	-9.102
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-11.884	-2.323	-4.156
c. Outros activos correntes (+/-)	-15	526	-4.598
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	806	2.586	-348
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	178	-422	1.138
a. Pagos de intereses (-)	-213	441	1.138
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	496	38	
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-106	-901	
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-17.582	306	-6.611
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-9.311	-15.469	-16.963
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-158		
c. Inmovilizado material	-9.144	-15.469	-16.963
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros	-10		
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)	10.512		
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros	10.512		
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	1.201	-15.469	-16.963
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	7	10.855	23.966
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)		10.100	10.000
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)	7	755	13.966
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	8.807	4.434	
a. Emisión	8.807	4.434	30.000
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)	8.800	4.434	30.000
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)	7		

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

Formulario SPA.04

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
b. Devolución e amortización de:			-30.000
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			-30.000
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio			
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	8.814	15.289	23.966
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	-7.567	126	392
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EJERCICIO	9.792	2.225	2.350
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	2.225	2.350	2.742

